



DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. Curso 2008/09

Matemáticas pendentas de cursos anteriores.

Criterios de avaliación para os alumnos coas Matemáticas ou Obradoiro pendente.

1.- Será obrigatorio presentar debidamente realizados os boletíns de exercicios que o Departamento entregue ós alumnos coa materia pendente. Deberase entregar as fotocopias cos exercicios propostos e as súas solucións en boas condicións. Non se aceptarán rotos, dobrados,....

2.- Non se aceptarán boletíns con preguntas sen resolver, sen a fotocopia das preguntas ou en mal estado. Todas as preguntas deberán contestarse en folios e non no propio boletín de exercicios. As dúbidas poderanse formular durante o prazo de realización.

3.- A materia de cada curso, dividirase en dúas partes. A superación da primeira será eliminatoria de materia para a segunda. No caso de suspender a primeira parte, poderá presentarse na segunda, a unha proba na que entrará toda a materia.

4.- No caso de non entregar os exercicios nas datas que sinala o Departamento por causa inxustificada que o Departamento valorará, os alumnos perderán o dereito de realizar os exames parciais.

5.- Os boletíns de exercicios copiados serán cualificados con cero puntos e os alumnos implicados perderán o dereito a realizar as probas parciais.

6.- Todos os alumnos coa materia pendente, terán dereito a presentarse a unha proba final en maio coa totalidade da materia. A data desta proba comunicárase con tempo suficiente.

7.- Os exercicios puntuarán un 10% da nota e as probas parciais un 90%. No caso de presentarse exclusivamente á proba final, a nota será a do citado exame.

8.- No caso de que un alumno non se presente por calquera motivo inxustificadamente a unha proba parcial, deberá presentarse á final do mes de maio.

Datas das probas.

Primeira proba parcial:

Matemáticas pendentas de 2º e Obradoiro de 1º e 2º

20 de Xaneiro de 2009. Aula 12 ás 12:25.

Matemáticas pendentas de 1º e 3º

27 de xaneiro de 2009. Aula 12 ás 23:25.



Segunda proba parcial:

Matemáticas pendentas de 2º e Obradoiro de 1º e 2º

21 de abril de 2009. Aula 12 ás 12:25.

Matemáticas pendentas de 1º e 3º

28 de abril de 2009. Aula 12 ás 12:25.

Contidos das probas parciais.

1º ESO

1ª parte:

- Números Naturais.
- Divisibilidade (m.c.m e M.C.D.)
- Números Enteiros e Decimais.

2ª parte:

- Sistema Métrico Decimal.
- Fraccións e operacións.
- Proporcionalidade.
- Álgebra.

2º ESO

1ª parte:

- Aritmética (números enteiros, divisibilidade, potencias ...).
- Sistema de numeración decimal. Sistema Sesaxesimal.
- As Fraccións. Proporcionalidade.
- Problemas aritméticos: porcentaxes, interese, tanto por cen, reparticións, mesturas, móbiles, ...

2ª parte:

- Expresións Alxébricas. Monomios. Polinomios. Factor común. Produtos notables.
- Ecuacións de primeiro e segundo grao. Problemas.



3º ESO

1ª parte:

- Aritmética (enteiros, fraccións, decimais e números irracionais, dentro incluímos operacións con radicais e o concepto de racionalización). A fracción como operador. Porcentaxes. Interese.
- Erros. Notación científica.
- Progresións (sucesións aritméticas y xeométricas).
 - Expresións Alxébricas (monomios, polinomios, identidades notables).

2ª parte:

- Ecuacións de primeiro e segundo grao.
- Sistemas de ecuacións de primeiro grao. Resolución alxébrica e gráfica.
- Problemas de ecuacións e sistemas.
- Interpretación de gráficas de funcións. Funcións lineais. Pendente.
- Estatística: Poboación, mostra, media, mediana e moda. Gráficos estadísticos. Táboa de frecuencias.

Obradoiro de 1º.

1ª parte:

- Os números. Operacións.

2ª parte:

- Introducción ás ecuacións sinxelas e resolución de problemas.
- Áreas e perímetros de figuras planas.

Obradoiro de 2º.

1ª parte:

- Operacións combinadas de números enteiros. Prioridade de operacións.
- Operacións con números decimais. Repaso de operacións con fraccións.
- Sistema de numeración decimal. Ordenación.
- Aproximacións.

2ª parte:

- Proporcionalidade. %.
- Actividades de despexar.
- Cálculo de perímetros e áreas de figuras planas.